


# altamira



CONCELLO DE BRION

(EXEMPLAR GRATUITO) Nº 0

## SUMARIO

	Páxina
Editorial .....	2
Entrevista .....	3
Presupuesto Municipal .....	5
Colegio de Brión .....	6
Noticiero .....	7
O campo .....	11
Explotacións Forestais .....	12
O paro na Amaia .....	13
Saneamento do Gando .....	14



## EDITORIAL

*ALTAMIRA* tén, na súa pretensión orixinal, a altiveza que o seu histórico nome evoca en todos nós. Mais, a altiveza desta revista é *soio cultural* e, por tanto, moi distinta da que amosaban aqueles señores desde as súas sólidas torres, que eran, o mesmo tempo símbolo de un poder case omnímodo para os que a miraban dende fora, e defensa contra o medo que sentían os de dentro, ante o descoñecemento da realidade do entorno e a indiferencia orgullosa con que ollaban tódalas miserias e necesidades, que tiñan os extensos dominios que formaban a herdade da familia dos "Moscoso".

A revista *Altamira* recolle o nobre ideal que encerra o significado deste termo: "*Altas miras...*", "*Ollar alto...*" para chegar a todos con unha mensaxe, que nos leve xunguidos a un maior aproveitamento dos nosos recursos, un maior coñecemento da nosa valía e das nosas posibilidades e, finalmente, un maior acercamiento a uns modos de convivencia e desenvolvemento que fagan sentirnos cada vez mais persoas...

*Altamira* é unha idea que está nacendo e, cando nace algo novo: un neno, unha pranta,... todo o seu derredor debe tornarse atencíos e coidados, para que ese ser feble medre e se desenvolva con forza, de xeito que poida cumplir ben o seu cometido.

Así é que, desde agora, xa sabedes que *Altamira* é, primeiro, *unha idea* e, despóis, *un medio a disposición de todos* e, por tanto a todos cumple coidal.

Mentras sostemos nas mans este primeiro exemplar coidemos ben de que non sexa o último por non mercar os seguintes, xa que para manter a publicación son necesarias tantas mans, como mans están dispostas a lela.


En *Altamira* collen tódalas ideas, tódalas críticas e tódalas voces, porque pensamos que a verdade non é patrimonio dun poucos, senón que case sempre ven darré a razón os máis... cando os "máis" esforzánse en buscalo.

## **PERFIL ALCALD**

Xoven, de apariencia servicial e dinámico... O noso alcalde responde o prototipo dos novos políticos que protagonizan o Cambio nas administracións públicas dende a chegada da Democracia.

Líder dunha candidatura que xunge os deseños e aspiracións da nova xeración, que aspira a que o Concello de Brión desperte e escomence a viscar solucións concretas que o arrinquen do seu atraso, deixa a un lado os plantexamentos ideolóxicos partidistas que o alonxan da realidade inmediata.

Reelexido como alcalde por segunda vez, conta na súa xestión na realización de importantes obras de infraestructuras: camiños, avenidas, consultorios, piscinas, etc., así como a recuperación de importantes valores tradicionais: uso oficial do galego, festa da froita, grupos folclóricos, etc.



# DUN E

Responde ás nosas preguntas co ánimo de acercar máis á xente aspectos da súa persoa que só os que traballan preto del coñecen.

**PREGUNTA.**— Sr. Alcalde, a Candidatura Galega Independente, que xa está na mitade do seu segundo mandato, xurdeu como alternativa de cámbio entre diferentes forzas políticas ¿cáles foron os motivos que determinaron o seu nacemento como forza política independente?

**RESPOSTA.**— A C.G.I. naceu espontaneamente coma expresión dun amplio movemento viciñal co afán de muda-los hábitos herdados da dictadura. Por outra banda, ainda que os membros da Candidatura fomos ás primeiras eleccións cunha idea moi clara do que había que facer no concello, ningún de nós tiña unha militancia política concreta e

tampouco viamos que a maioría dos partidos tiveran uns programas e unha atención específica ó mundo rural. Así é que nacemos "independentes" coa ollada posta directamente nos problemas de Brión.

**P.—** Despois do éxito da primeira candidatura, ¿ata qué punto os motivos iniciais foron válidos para seguir sendo independentes e non incorporarse a unhas siglas más coñecidas e más fortes?

**R.—** Somos conscientes de que cada vez faise máis difícil manter unha independencia no campo da política, ora por que hai problemas que non se poden abordar só a nivel municipal, ora pola presión que recibimos a cotío dos gobernos, que se resisten a invertir nos concellos que non lles rentúen politicamente. Así e todo, os motivos da nosa independencia son os mesmos que ó primeiro.

**P.—** A Candidatura Galega Independente, defíñese no seu programa como "Demócrata", "Galeguista" e "Progresista"; segundo vostede, ¿a qué forzas políticas se asemella máis?

**R.—** Aínda que nós temos as nosas simpatías personais, considero que as nosas semellanzas débense sacar polos feitos.

**P.—** O "Galeguismo" é un termo que agora reivindican todas as forzas políticas tanto das esquerdas como das dereitas, ¿qué aporta de novidade a súa candidatura a este termo?

**R.—** Non sei se a nosa candidatura aporta algúna novedade ó "galeguismo". Nós só pretendemos facer unha política municipal pensando en galego e desde Galicia.

**P.—** Aínda definíndose "independentes" con línea galeguista, ¿mantéñen contactos con candidaturas de outros concellos con pensamento semellante?

**R.—** Como dixen, cada vez quedan menos independentes na política, e moitas destas candidaturas están perfectamente instaladas na dereita, e nós desde logo, non facemos unha política de dereitas.

**P.—** Supونse que a liña galeguista da súa candidatura defende o ensino en galego, ¿teñen neste sentido algún proxecto conxunto dos centros educativos e culturais?

**R.—** Claro que estamos polo ensino en galego, e unha das fortes preocupacións da Corporación foi sempre o tema do ensino; más as relacións cos Centros educativos do Concello non sempre foron fluidas. Considero que no presente curso as cousas milloraron moito e, tanto desde a asociación de pais, como directamente co profesorado, estase avanzando moito neste sentido.

**P.—** ¿Como pensa que incorporou a xente o proceso galeguizador dos topónimos e dos comunicados oficiais? Nese sentido, Icáles cados oficiais. Neste sentido, ¿cáles foron as resistencias máis fortes que atopou?

**R.—** Non se notaron resistencias. O único problema é o descoñecemento que os galegos aínda temos da nosa lingua.

**P.—** Desde o seu galeguismo, ¿como interpreta a incorporación de España e de Galicia na Europa Comunitaria?

**R.—** Considero que a longo prazo, a incorporación a Europa pode ser beneficiosa. Mais as perspectivas (dentro da desinformación a que nos tén acustumada a administración sobre o tema) son desastrosas a corto prazo para o sector leiteiro, que é do que vive a maior parte deste municipio, e faixe indispensable unha política de

apoio á agricultura por parte do Goberno Central e más da Xunta. A Corporación Municipal o único que pode facer é dar información á Xente, e neso estamos.

P.— A verba "Progreso" tamén aparece e moitos programas políticos. Neste caso, ¿en que apartados pensa que o noso Concello precisa máis deste progreso? e ¿de qué maneira e de que medios disponen para abordalos?

Cando se pensa nun municipio rural como o noso, falar de progreso case parece unha ironía cando as perspectivas para o agricultor son tan escuras. Falta que os gobernos amosen vontade política de axudar ó sector e que os propios interesados se unan e estean dispostos a cambiar de andadura. Por parte do Concello, pouco máis podemos facer ca o que se está a facer: millora das infraestructuras (camiños, alumado público, servicios municipais, etc.), darlle información á xente, etc.

P.— Tamén, e en primeiro termo, defínese a súa candidatura como "demócrata", ¿qué aporta a súa candidatura para facer máis participativa a xestión municipal?

R.— A participación do vecindario na xestión municipal coido que se asegura polos seguintes medios, que foron sempre obxectivo da nosa candidatura: reparto do presupuesto municipal por parroquias, consultas frecuentes os celadores e alcaldes de barrio, a preocupación da alcaldía por visitar constantemente as parroquias, o interés por atender ben ó público desde as oficinas municipais e o feito de que a nosa candidatura tén un concelleal por cada parroquia.

P.— Nun principio, ¿qué sectores da poboación (mocidade, adultos, mediana idade) sintironse máis identificados coa súa candidatura?

R.— Non houbo apenas diferencias.

P.— No seu programa fai fincapé na unidade de tódalas parroquias, ¿a qué é debida esta unión: polo traballo desenrolado no seu mandato devanceiro ou polo sentir común democrático, galeguista e progresista?

R.— Nós temos moi en conta que a xente en Galicia co que se sinte identificada é ca parroquia e o que pretendemos é atende-las necesidades parroquiais desde o Concello e facer de vincullo de unión entre todas.

P.— Podería nomearnos algunhas diferencias esenciais da súa xestión en comparanza cos que

lle precederon?

R.— Considero que hai máis transparencia na xestión e máis axilidade; préstaselle máis atención ós problemas que van xurdindo e pretendemos traballar por un igual para tódolos veciños.

P.— ¿Que elementos axudaron a despertar esa confianza que agora din que teñen os veciños na corporación?

R.— Eles veron os resultados e comprobaron que non foron engañados.

P.— Desde o seu punto de vista, ¿cal foi o cambio máis importante que aportou a súa xestión como alcalde?

R.— Por ahí dise que o Concello de Brión "funciona".

P.— Considera que o seu equipo leva unha administración ágil e eficaz ou, polo contrario considera que existen deficiencias?



R.— Aínda considerando que todo é millorable, a resposta é afirmativa.

P.— Como alcalde ¿de que maneira definiría o seu mandato: personalista ou de equipo?

R.— Esforzámonos por ter en conta tódalas opinións.

P.— ¿Con qué cauces informativos contan para facer chegar a tódalas parroquias as convocatorias dos plenos, teimas, acordos..., etc.?

R.— En xeral, bótase en falta un maior interés por parte dos veciños por informarse dos asuntos municipais. Unha proba da preocupación da corporación por dar información é o apoio a Altamira.

P.— ¿De que medios disponen para escoita-las demandas e os problemas de tódolos veciños?

R.— Directamente todos poden acudir ó Concello; os vehículos normais de comunicación son os celadores, os alcaldes de Barrio e os concelleais.

P.— ¿Participa a xente coa sua asistencia ós debates dos plenos?

R.— Moi pouco.

P.— De qué feito se sinte máis satisfeito como alcalde?

R.— Dar por rematado as diferencias entre parroquias, a mellora das infraestruturas: camiños, carreteras, alumeados públicos, instalacións deportivas.

P.— Do que lle falta por levar a cabo e da laboura feita ata aquí, ¿atopa algo polo que sentirse insatisfeito?

R.— Non.

P.— ¿Cal sería o seu balance, agora que está na metade do seu segundo mandato?

R.— Positivo.

P.— ¿Supuxo algún cambio importante na súa vida o ter que facerse cárrego da alcaldía?

R.— A alcaldía roubame moito tempo da familia. Suponme tamén unha gran responsabilidade.

P.— ¿Sintiu algún cambio no trato da xente (amigos, veciños, familiares) desde que é o rexidor municipal?

R.— Procuro que non.

P.— A parte do aspecto político, ¿podería falarnos doutras aficións personais?

R.— Atender os fillos e leer.

P.— Por ter que estar ó frente da alcaldía, ¿síntese limitado para poder desenrolalas normalmente?

R.— Moito.

P.— ¿Qué aspecto personal sintiu máis ter que deixar por imposibilidade do cárrego?

R.— Dende o pasado mes de febreiro, tiven que deixar de exercer a miña profesión de A.T.S.


P.— Para rematar, como persoa e como alcalde, ¿qué consello lle daría a tódolos veciños e traballadores do Concello?

R.— Que se fagan a idea de que os asuntos públicos son cousa de todos e non só dos que temos responsabilidades de goberno; que participen e se informen. Creo que neste momento os que se adican á agricultura teñen que preocuparse polos problemas que lles veñen encima coa entrada no Mercado Común.

*Para este ano 85*

# **60 MILLONS DE PRESUPOSTO**

- *Servicios, Personal e Cultura: os capítulos más importantes*
- *Forte descenso do capítulo de Servicios polo bó estado da infraestructura vial*
- *Inversión de 92 millóns como aportación dos diferentes organismos oficiais*



O presupuesto municipal para este ano 85 conta con unha cantidade semellante ó derradeiro e que ascende a sesenta millóns de pesetas distribuidas entre seis capítulos. O axustado presupuesto fai que as variacións dun ano para outro sexan pequenas e teñan que manterse, case, as mesmas asignacións en case tódolos capítulos, ou, na maioría dos casos, reduci-lo aumento para atende-la suba do custo da vida.

A parte destes 60 millóns que recolle o presupuesto municipal, cóntase con subvencións de diferentes organismos oficiais (Diputación-Xunta-Iryda-Inem, etc) que aportan outros 92 millóns.

Esta cantidade, máis que o presupuesto, supón unha forte inversión no noso concello e permite abordar obras importantes, ó ir destinado exclusivamente á realización de proxectos concretos, sen necesidade de ter que repartilo tanto como o presupuesto.

Todas estas subvencións dependen en gran parte das xestións que a corporación realiza con organismos oficiais, de tal xeito que a preocupación da alcaldía xunto coa habilidade negociadora dependen as cantidades a invertir cada ano no concello por estes organismos.

Para este ano cóntase con subvencións para urbanización de Pedrouzos por valor de 25 millóns; para o ordenamento da carballeira de Santa Minia, 48 millóns; 15 millóns para a reparación de camiños e ampliación do campo de fútbol de Ons. 2 millóns para adaptación do Centro de Saúde de Brión é 1,5 millóns para reparación da escola dos Anxeles.

## **SERVICIOS**

O capítulo de Servicios para o que están destinados 22 millóns representa o volumen más abultado de gastos dentro do presupuesto. Neste capítulo van incluidos alumeado público (cerca de 9 millóns), obras comunitarias e saneamentos (máis de 5 millóns), asfaltados de camiños (cerca de 4 millóns), instalacións deportivas (dous millóns e medio) e ferramentas, combustible e reparación de vehículos (millón e medio).

Nembargantes, este capítulo sofre unha forte disminución (case once millóns) respecto ó do ano pasado ó non ter que invertir tanto no asfaltado de camiños, polo bo estado dos mesmos, e non abordar ningunha ampliación do parque móvil, limitando os seus gastos a reparacións e combustible.

A reducción deste capítulo vai en beneficio de tódolos outros que ven así aumentadas as súas partidas, moi reducidas polas necesidades apremiantes dos servicios básicos de camiños e estradas.

## **PERSONAL**

Como en case tódolos presupuestos de calquera organismo, os gastos de personal supoñen un dos capítulos más importantes.

Para esta partida os presupuestos de este ano contan con 16 millóns de pesetas pra atende-lo pago dos soldos dos empregados, as mutualidades e seguridade social e, tamén, a asignacións de toda a corporación municipal.

O noso concello conta con 5 persoas de plantilla que atenden a administración e un número variable de persoal contratado para realizar moitas das obras aprobadas polo concello e o mesmo tempo coidar do mantenemento das xa feitas. Nembargantes, comparado con outros concellos da mesma categoría, é dos que contan con menos persoal pra atender tódalas funcións.

O feito de ser o propio Concello quen contrate o personal que vai realiza-las obras, supón un aforro na execución das mesmas de xeito que pódense abordar mais proxectos co mesmo presupuesto.

## **EDUCACION E CULTURA**

O capítulo de educación e cultura é sempre o reflexo mais craro da preocupación dun Concello polo progreso do mesmo. O futuro de calquera comunidade está en función da formación da súa xuventude e dos medios que se lle poñan ó seu alcance.

Para este capítulo este ano están presupuestados 8,5 millóns distribuídos da seguinte maneira. Para atención das escolas e Colexio (no noso concello hai que atender a 10) en enerxía eléctrica, limpeza, calefacción, reparacións e subvencións asignanse 4,7 millóns, cursíños de natación e campamento de

verán, tén asignado medio millón; a organización da festa da froita, romería de Santa Minia e cabalgata de Reises conta con 1,3 millóns; sostenemento da escola de gaitas, baile e traxés da coral 1,9 millóns e, finalmente, a organización dun cursiño de galego para funcionarios a cantidade de 125 mil pesetas.

Ademais, engadiuse logo, a dotación de instalacións deportivas no Colexio que desde agora contan con pistas de baloncesto, minibasket, voleibol e un foxo de salto, aparte de outro material deportivo, con un inversión total de case 200 mil pesetas.

Respecto ó ano pasado, este capítulo rexistra un aumento absoluto de cerca de tres millóns (máis do 40%).

## ADMINISTRACION

Inclúiense neste apartado os gastos xudiciais, oficina, notarías,

proxestos técnicos, amortización de empréstitos e seguros dos vehículos do parque municipal que ascenden a un total de 6,2 millóns. O servicio administrativo do concello compe unha función importante no mesmo xa que a través del lévase o rexistro e control de case tódalas actividades desenroladas no Concello, canalízanse as ordes e comunicacions das administracións superiores (Diputación, Xunta, Goberno...), expidense certificados, e administranse os bens da comunidade. A boa xestión dunha corporación mídese polo bo funcionamento do seu aparato administrativo e pola diligencia con que se atenden os veciños.

## BENEFICENCIA

Este apartado está adicado a cubrir as necesidades máis extremas dunhas 70 familias acollidas, ás que se lle sufragan os gastos que lle supoñen as medicinas en caso de

enfermidade ó non teren Seguriade Social.

Ademais, con cargo a este capítulo mantense, xunto con outros cinco concellos e unha aportación da Xunta, unha asistente Social para estudiar, diagnosticar e aconsella-las medidas a tomar nos casos de situacións personal e familiar problemáticas. Tamén, tódolos anos, este Concello aporta unha axuda ó asilo de vellos de Santiago.

## VARIOS

Este capítulo recolle todas aquelas partidas que ou supoñen unha inversión ou teñen un carácter extraordinario polo que non deben incluirse nos capítulos xerais do presupuesto. Desta xeito para este ano temos a adquisición de terreos para o címeteiro de Brión por un valor de 3 millóns e a aportación do Concello para a construcción do consultorio médico dos Anxeles, que ascende a 1,8 millóns.

## *colexio de Brión*

# **PROFUNDOS CAMBEOS NAS RELACIONS COS PROFESORES**

Debemos festexar o feito, sen entrar en valoracións nin condenas do que foi o Colexio ata agora, que por primeira vez: pais, profesores e autoridades locais xunguiron os seus esforzos nun obxectivo común a millora da calidade do ensino dos nosos fillos.

Os Colexios son institucións que contan con poucos medios, se se teñen en conta as necesidades que a nova metodoloxía impón. Por iso, é indispensable que pais e autoridades contribuian tamén ó seu sostenemento e millora; mais, para levar esto a cabo, é totalmente imprescindible un mínimo de diálogo, do que se careceu ata agora, entre os diferentes organismos.

Favorece-lo diálogo, estimular os contactos cos pais e cos diferentes organismos, incorporar tódalas forzas interesadas ó plan proxectado no Colexio; deben ser obxectivos a non esquencer polos xestores do Colexio.

O labor, moitas veces ingrato, dos mestres tropeza coa incompre-

sión do medio que condena, a maioría das veces, con violencia, métodos, obxectivos e resultados que descoñece.

Por outra banda, a falta de explicacións oportunas fixo que moitos pais sintiranse desorientados frente os novos métodos no ensino e os continuos cambios de contido dos programas educativos.

Hai que ter en conta, que a última década supón para o noso país a maior transformación educativa da súa historia: amplíase a edade educativa básica dos catro os dazaseis anos, exténdese a obligatoriedade e gratuidade ó máis alto nivel, xurden as concentracións escolares como instrumentos para unha millora da calidade do ensino, axustándose ós novos cambios de contido, e, finalmente, revalorízase todo o educativo como o elemento que define a transformación e progreso dunha sociedade.

A falta dunha completa asimilación de todo este cambio, xunto coa incomunicación habitual entre pais

e profesores, fai que frente ó fracaso escolar dos fillos, moitos pais rematen culpando os mestres, ou, o que aínda é peor, despreocupándose dos resultados dos mesmos.

A implicación da Asociación de Pais aportou, non só a súa visión ante os diversos problemas que xurdiron durante o curso (comedores, disciplina, seguros, etc.), senón que ademais, suxiriu e subvencionou importantes iniciativas desde charlas sobre a "sexualidade" para pais e alumnos, ata a visita cultural á recién inaugurada "Ruta Rosaliana", que tén no noso Concello unha importante parada en Bastavales.

O concello, ademais de atender as obrigas que tén contraídas co mantenemento do servicio de limpeza, calefacción, vixilancia, etc. comprometeuse con tódalas iniciativas que lle presentaron, dotando ó Colexio de instalacións deportivas e diverso material para departamentos, que permitiron desenrolar varias actividades extraescolares, que sen esta axuda non sería posible levalas a cabo.

Todo este traballo conxunto, levado a cabo neste ano, é unha proba crara da necesidade que teñen as institucións de camiñar nunha liña de apoio mutuo. Por iso, dende aquí, facemos unha chamada cara o curso vindeiro para que, apoiándose nos feitos enumerados, continúen esforzándose nuns obxectivos comúns.

# NOTICIEIRO... NOTICI

FESTA DA FROITA

## VI Romaria internacional

Por catro anos consecutivos, o noso Concello celebrará a chamada "Festa da Froita" para a que se escolleran neste ano as datas do 19 e 20 de Xullo, e que coidase non desmellorará as anteriores.

Para esta festa, que se organiza entre varios Con-



cellos e a Consellería de Cultura, cóntase coa participación de varios grupos folclóricos internacionais e dous grupos nacionais, vindo acompañados dunha mostra de artesanía popular.

O longo destos dous días programados, os diferentes grupos farán unha mostra variada coa súa

música, danza e artesanía, das diversas manifestacións que a arte popular tén nos seus distintos pobos de orixe, e que proporcionan un cuadro de gran beleza e colorido.

As diferentes interpretacións da arte popular son un refrexo da cultura de cada pobo, e ó traveso delas estudiase o orixe e evolución histórica de cada pobo.

A conservación de tódalas artes populares, a parte des ser co seu coidado e promoción, un medio de desenrollo cultural, e, ademáis, o medio máis idóeno para non esquenecer a propia historia.

O traveso da savia que proporciona a arte popular, escóitansen as chamadas dos anceiros, que trasmisaron durante moitos séculos o froito das súas experiencias, das súas inquietezas e das súas aspiracións, que serviron para manter despertas e vivas as esperanzas dos pobos, e da que se nutrirán as novas xeracións en cada xurdir cultural.

## CAMPÁS NOVAS DOS ANXELES

Na parroquia dos Anxeles supuxo un gran acontecemento o estreno das novas campás con motivo da festividade do Corpus-Christi.

Aproveitando a colocación das mesmas electrificouse o sistema de manipulación, que lle da un "toque moderno" a ún dos máis antiguos e tradicionais sistemas de sinais

acústicos, moi apropiados ó tipo de vida rural galega.

No seu momento, a ruptura da campá orixinou en toda a parroquia un sentimento de gran perda.

As campás marcan cos seus sinais o latexo vital das aldeas galegas, e por iso, é corriente tirapuxar entre parroquias polo seu sonido, o seu alcance ou o seu peso.



## BASTAVALES NA RUTA ROSALIANA

A Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, co gallo do centenario da morte da nosa poetisa Rosalía de Castro, inaugurou este ano unha ruta cultural que xunxe tódolos lugares polos que Rosalía pasou as diferentes fases da súa vida, e que, daígún xeito, polas vivencias tidas neles, foron influindo no seu espírito e conformando a personalidade artística, tan singular, da poetisa.

Bastavales pasará a formar parte do mundo rosaliano, tenro e sensible, plasmado nos seus poemas, o traveso dos melancólicos e vibrantes sonidos das súas campás, mensaxeiras que desde a loural torre barroca da súa igrexa, extende por toda a Amaia os aconteceres, ledos ou tristes, que a laboura da terra leva aparellados.

A infancia de Rosalía na casa da súa tía na

parroquia de Ortoño, tivo marcada polos sons das campás de Bastavales que desde a lonxanía, traíanlle os ecos do latexar doutro mundo: con máis vida, con outro ritmo... contrario coa monotonía que o seu obrado encerro lle imponía.

A "soidade" de Rosalía tén a súa tradución sonora nos ecos das campás de Bastavales, e, de algúns maneira, a "soidade rosaliana" e a descripción poética da alma galega debullada na multitude de poemas seus.

Na cadencia das campás de Bastavales escotamos, o traveso do tempo, a resposta que o seu sonido tivo na alma da nena, da primeira e máis importante, poetisa galega e para galicia, que inmortalizou nos seus poemas a sua fala, a súa dor e a súa melancolía...

Famosas son as campás de Bastavales, inmortalizadas no poema de Rosalía, máis non por iso, os veciños dos Anxeles deixaron perder-la ocasión de arrequeñalo seu presoxio aumentando, na nova campá o peso que tiña a

anterior que rompeu.

O coste total da restauración foi de un millón setecentas mil pesetas que foron aportadas por tódolos veciños, a excepción de unhas axudas de fóra (Concello, arcebispado, Caixa de Aforros, etc.).



Xosé Vidal Vidal

## A PERDA DUN CONCELLAL

Sentida por todos, e especialmente polos veciños de Vilar-Vicente onde vivia, foi a perda de Xosé Vidal Vidal, concelleal do noso ayuntamiento que deixa tras de si un longo historial de servicio a toda a nosa comunidade. A súa morte, acaecida inesperadamente ós 51 anos, deixou conmocionados a todos os veciños e compañeiros da Corporación pola calidez humana deste labrador, que coa súa sinxeleza e o seu bo corazón despertaba o afecto e respeito de todos.

Foi un home adicado sempre a resolve-los problemas da súa parroquia, na que foi alcalde de barrio durante moitos anos, e axudar a todos os veciños en calquera necesidade, dado o seu carácter bondadoso e dispuesto.

Este home, que deixa catro fillos, merece todo o

recoñecemento que desde aquí se lle fai á súa persoa, pois, poucas veces, se atopa a un home que despertara tanto aprecio en vida, como condolencia coa súa morte.

Xeralmente os homes de valla, como Xosé Vidal Vidal, acustumados a ter neles uns valedoiros seguros, serios e eficaces, deixan tras de si un vacío moi fondo, que fai más dolorosa e sentida a súa perda.

Servan as nosas verbas, como un testemuño máis do sentimento xeral de aprecio e admiración, que o seu modo de ser despertaba en todos que o trataban, e que coinciden en destacar, sobre todo, o seu "bo corazón".

Ca súa morte, temos a sensación de que todo o Concello perde a un "amigo".

## Este ano no Pindo

### CAMPAMENTO DE VERAN

Segundo coa idea de coñecer novos lugares, o Concello tén programado para a primeira quincena de agosto o campamento que este ano terá lugar na localidade do Pindo, concello de Carnota.

O Pindo é un dos paraxes máis singulares tanto pola beleza pintoresca do pobo, como pola riqueza dos componentes xeográficos que conforman a súa paisaxe: O mar, abruptas montañas, acantilados, fervenza do río Xallas sobre o mar —fenómeno único en toda Europa—

e, sobre todo, unha extensa e branca praia.

Desde O Pindo, tamén pódese avistar o Cabo de Fisterra de tantas connotacións históricas, tanto polo significado do seu termo, como polas numerosas lendas de naufraxios e piratería que foron tecendo a denominación que, desde ali, se lle dá a todo o litoral, e que se coñece como: "Costa da Morte".

Para o campamento deste ano, o Concello conta con 50 prazas que adjudicáranse seguindo os mesmos criterios dos últimos anos.

## PEDROUZOS CONTARÁ CON UNHA NOVA TOMA PARA A TRAIDA DE AUGAS

Os veciños de Pedrouzos contan xa para a súa traída de augas coa nova toma que suministra o caudal de auga dunha mina do monte, e que vén a solucionar unha vella preocupación dos veciños.

A nova toma supón un aforro ó evita-los gastos que supoña a depuración do antigo caudal que proviña do río Pego.

O novo caudal proporciona auga máis que abundosa para atender as necesidades de todos os veciños polo que se poderá xubilar a antiga depuradora, que estivo surtido de auga ata agora ós veciños. Ademais remátase, tamén, co problema do mal sabor que, coincidindo co verán e polo pouco caudal, tomaban as augas do río.

## REMATE DO CURSO DE GALEGO

O pasado quince de Xuño rematouse no noso Concello o curso de Perfeccionamento de lingua Galega, que con unha duración total de 60 horas, viña desenrolándose dende o quince de abril durante tres días á semana en sesións de dúas horas.

Asistiron a este curso, que tivo lugar nunha aula do Colexio Público de Pedrouzos, quince veciños, impartindo as clases D. Amancio Llinares Giraut que é profesor do Instituto de Negreira.

Con anterioridade, foi desenrolado outro curso de Iniciación coa mesma duración de 60 horas, ó que asistiron dazasete persoas.

Estes cursos estiveron patrocinados e subvencionados conjuntamente polo Concello e polo departamento de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

## CO BO TEMPO

### REALIZARANSE IMPORTANTES OBRAS

A prolongación do mal tempo polas persistentes choivas, ata case o remate da primavera, tivo detidas moitas obras que, co asentamento do bo tempo, procédese ó seu remate.

Os diferentes equipos de traballo acometen nestes derradeiros meses as obras máis importantes que, ultimamente, foron a causa da gran actividade


que se veu en varias parroquias do Concello.

Entre estas obras están a ampliación do campo de fútbol de Ons, e a ampliación do alumado público dos Anxeles e de Bastavales. Tamén rematouse a ponte sobre o río Tinto, e escomenzouse o bacheado e asfaltado de camiños dentro do plan de necesidades urgentes que se establece cada ano.

# NOTICIEIRO... NOTICI

Na parroquia de Brión

## IMPORTANTES MELLORAS EN OBRAS PÚBLICAS



PROXECTO CASA CULTURA

Este ano tocoulle á parroquia de Brión ser a máis favorecida no tocante a inversións en obras públcas con cárrego os presupostos municipais.

Ademáis das referidas melloras do Centro médico e nova toma de augas, vaise abordar a posta de alcantarillado, aceiras, ampliación do cimenterio, reparación do edificio da Cámarra Agraria, e, cecais, o máis ambicioso proxecto para este ano: A ordenación da Carballeira de Santa Mi-

nia, para o que se conta con un importante proxecto técnico elaborado polo Arquitecto D. César Portela, no que se configura o que será a nova vista da carballeira que contará con un paseo ó redor da capela con bancos de pedra, unhas terrazas axardiñadas para salva-lo desnivel da carballeira e a igrexa, un palco para a música e, especialmente, unha "casa da Cultura".

A construción da casa da Cultura, é un dos logros

máis traballados pola actual Corporación, xa que supón dotar ó noso Concello dun valioso instrumento de promoción e desenvolvemento cultural.

A casa da Cultura adicarase, maiormente, para Biblioteca Pública, co que desde moi pronto poderase contar con este importante Servicio, que tanto se botaba de menos, e que supón unha das aspiracións más desexadas e de máximo interese para todo o Concello.

Despois da Escola, a lectura é o instrumento máis eficaz para manterse ó día culturalmente. Disponer dunha biblioteca pública, é poñer ó alcance de todos un caudal de coñecemento, imaxinación, fantasía e, sobre todo, a sabiduría que o espírito humano foi deixando ó traveso de tódalas xeracións de escritores de todo o mundo, e que queda recollida nas grandes obras de Literatura.

Nunha biblioteca están recollidos os maiores tesouros creados pola fantasía e o inxenio do espírito humano que se ofrecen a todo aquel que aprende e disfruta lendo.

## NOVO CONSULTORIO EN BASTAVALES

O noso Concello dispón, ca posta en funcionamento do de Bastavales, dun consultorio médico máis que ven a millora-la atención deste importante Servicio.

A larga demanda dos veciños de Bastavales pola ubicación dun consultorio médico na súa parroquia, que evitase os desplazamentos ata Brión cada vez que necesitasen dunha atención médica, quedou satisfeita ca posta en funcionamento deste novo Consultorio.

O único consultorio en Brión, obrigaba a moitos veciños, e, sobre todo, á xente de idade, que por estar sometidos a longos trámites tiñan que reponer periodicamente os medicamentos, a desprazar case tódalas semanas a Brión, e soportar prolongadas esperas pola xente que se acumulaba neste único consultorio.

Con este novo consultorio, redúcense, en gran medida, as esperas da xente; rationalízanse o servizo, de xeito que non supón tanto trastorno o desplazamento; e finalmente, acercanse máis o servizo á xente que, a fin de contas, é a sostenedora e beneficiaria do mesmo.

Ademáis de este novo consultorio, está en construcción outro na parroquia dos Anxeles, e cóntase escomenzar moi pronto o acondicionamento do de Brión.



viciños que usan deste Servicio, para axudar ó mantenemento do mesmo, e que costa 200 pesetas.

un servizo de transporte que os recolle seguindo o recorrido habitual do transporte escolar.

Os rapaces de Cornanda, Lúaña, Ons, Viceso e Boullón que estén apuntados ó cursiño, e que para eles impartirase na piscina de Brión desde as 11 ata as dúas, contan ademáis con

Para os rapaces de Brión, Os Anxeles e Bastavales, o horario do cursiño, nas súas respectivas piscinas, será de catro e media a sete e media. Os sábados e domingos non haberá cursiño.

Os cursiños de natación veñen a complementar a dotación por parte do Concello deste importante medio de esparcemento que para tódolos viciños, sobre todo, rapaces, suponen as piscinas municipais.

## Para o Verán

## CURSIÑOS DE NATACION

A partir do primeiro de Xullo estanse a impartir, coma no derradeiro ano, cursiños de natación nas tres piscinas coas que conta o noso Concello.

A estos cursiños están asistindo rapaces (máis de 250), entre os cinco e os catorce anos, que sexan viciños de Brión, e disponen do pase de Temporada que foi establecido este ano, como aportación dos

# EIRO... NOTICIEIRO...



Celia Barbañ, Concha Santos, Lucía Sánchez, Carmen Grobas, Beatriz Tobío, Angeles Grobas, M. José Casal, Flora Angueira.

## O equipo infantil feminino

# Subcampeón de Galicia

Despois de gañar o campeonato provincial disputado nas pistas atléticas da Universidade de Santiago o domingo día 19 de maio, no que quedaron campeonas provinciais absolutas: María José Casal Míquez de Bastavales na especialidade de 600 metros lisos, e Concha Santos Furelos de Brión na especialidade de Salto de altura. O equipo de atletismo, formado por oito rapazas do colexio, desprazouse a Vigo onde, o sábado seguinte, 25 de maio, disputou, xunto cos equipos campeóns das outras provincias, e os atletas que individualmente tiñan os mellores resultados ó traveso das distintas fases, a fase Territorial nas pistas atléticas do Club deportivo Celta de Vigo.

Nesta proba, hai que suliñar de novo á nosa atleta Concha Santos Furelos que, nunha brillante actuación, superou o listón de altura a 1,50 metros, igualando a marca da Cam-

peona galega proclamada na mesma proba o facer o seu salto ó segundo intento, namentres que a nosa atleta superarao ó terceiro.

De tódolos xeitos, a marca de 1,50 é a mellor marca galega en altura conquidera na categoría infantil feminina, e a Concha cábelle a satisfacción de tela superado.

Tamén merece especial mención nesta proba a atleta María Carme Grobas de Bastavales, que quedou terceira clasificada e, polo tanto, medalla de bronce, na especialidade atlética de disco con un lanzamento de 21 metros.

O resto das atletas que compoñían o noso equipo, aínda que non tiveron tan brillantes resultados, todas contribuíron a conquerir o segundo posto na clasificación por equipos, na que resultou vencedor, merecidamente, o Colexio Público de Reibón de Moaña — Provincia de Pontevedra—, otorgándonos a nós o título de Subcampeóns de Galicia.

No mes de Setembro

## Na Romaría de Sta. Minia

### TERCEIRO TROFEO FUTBOLISTICO "CONCELLO DE BRION"

O Concello de Brión co gallo das festas de Santa Minia, está a preparar o trofeo que, por terceiro ano consecutivo, organiza coa finalidade de amosar unha maior variedade os actos de celebración da nosa Santa.

Neste trofeo participarán, coma nos dous últimos anos, un equipo por cada parroquia que, despois dunha liga entre os diferentes equipos, os campéons dos respectivos grupos disputarán a final a celebrar en Santa Minia, o valioso trofeo doado polo Concello de Brión.

O recaudado durante a disputa do trofeo repartirase en partes iguais entre tódolos equipos participantes coma nos últimos anos.

### III MARATON POPULAR DA MAHIA

O maratón da Amaia, pola enorme expectación e o éxito da súa organización, sumarase ós actos da celebración da patrona Santa Minia, tamén por terceiro ano consecutivo.

A organización que corre a càrrego do Concello, conta ca colaboración, para o control da proba, co colexio oficial de Xueces e Cronometradores da provincia da Coruña.

A presencia de importantes atletas contribui a acrecenta-la categoría polo alto nivel deportivo que imponen a esta popular proba.

### FESTA DO CABALO

Tamén este ano, no agasallo á Santa Minia, contaráse no programa de actos coa vistosidade e emoción das diferentes probas de cabalos: arrastre, andadura, doma e carreiras.



Doma de poldres  
(Archivo "El Correo Gallego")

O enxaezamento dos cabalos, xunto coa construcción de valiosas carrozas señoriais, ten na artesanía popular galega, mostras valiosas que testimúñan a raigaña do cabalo na nosa cultura.

Os mozos, nos cabalos enxaezados, irrumpían nas festas facendo gala da sua garrideza entre as mozas amedoiñadas e fachedosas que eran o branco das olladas dos cabaleiros garridos.

A porte no cabalo e o dominio da montura despertaban olladas de admiración nos concurrentes, polo que os mozos entranban nunha competición permanente de xogo coa montura, para ver quién era obxecto de máis admiración.

E, pois, agradable promocionar estes encontros co pasado tradicional, para que as novas xeracións teñan a oportunidade de contemplar a beleza que a estampa do cabalo aporta a tódolos actos de calquer festexo.

# O sector leiteiro ante a entrada no Mercado Común

Por Manuel Vidal Cajuso

A entrada de España no Mercado Común Europeo é un tema de máxima actualidade, xa que preocupa a amplos sectores da economía española e entre eles, un dos más afectados vai se-lo sector lácteo galego. Tomando conciencia do que isto representa, o Concello de Brión organizou unha mesa redonda que contou coa intervención de D. Manuel Eirís Cabeza (A.P.), D. Eliseo Miguélez Díaz (inxeríeiro agrónomo), D. Manuel Barbeitos (sindicato Unións Agrarias), D. Xosé Turnes (Coop. Agraria Prov. LEIMA), D. Ramón Félix Blanco (PSOE) e D. M. Carme Alvarez de Ron como moderadora, así como unha gran cantidade de gandeiros interesados neste tema.

Segundo o exposto na reunión, o sector lácteo galego vai entrar na Comunidade nunhas condicións claramente desventaxosas en varios aspectos: sanidade, calidade, cuotas de produción, etc.

O tratado implica que os gandeiros galegos van a entrar nun mercado onde hai moitos más gandeiros, que producen máis cantidade de leite, con máis calidade, con menos bactérias, más barato que o noso, que etán esperando que abran as fronteiras para vender o que lle sobra (España

terá que comprar 160.000 toneladas de leite, 40.000 de leite e nata conservadas, 1.000 de manteiga e 14.000 de queixo) e tamén hai que ter en conta que moitas centrais de Cataluña, Levante e Andalucía poderán comprar leite no sur de Francia que lle queda máis preto e polo tanto aforran en desplazamentos.

España aceptou unha cuota de produción fixada na do ano 1981 que foi de seis millóns de toneladas a que se lle incrementa o 1%, e toda aquela cantidade que pase de ahí será penalizada entre un 75 e un 100% a cargo do productor ou da industria láctea. Galicia produceu nese ano 1,5 millóns de toneladas.

En canto a calidade, parece que o noso leite é inferior (3,2 en España e 3,7 na CEE en canto a grasa; en proteínas, 3,2 na CEE e 3,1 en España; en bacterias, 300.000 por c/c na CEE e 40, 50 ou 60 millóns en España) e, entre outras cousas, haberá que modernizar as instalacións, facendo un muxido correcto, con extremada limpeza tanto nos ubres das vacas coma nas máquinas e incluíndo as mans das persoas que están en contacto co leite. Para isto, as Administracións, que ata agora non fixeron case nada polo gandeiro sabendo que un día ou outro entrariamos no Mercado Común, terán que dar axudas e

potenciar o consumo de forraxes, promocionar as nosas razas autóctonas e, en fin, facer o que están facendo os de países coma Alemania, Holanda, etc., que fixeron posible que as súas vacas estean producindo o doble das españolas por térmico medio e, ademais con uns costes máis reducidos.

As campañas leiteiras, que en España empezan arredor de setembro ou outubro, na Comunidade empezan o 1 de abril o que beneficia a Galicia xa que cadra coa época en que hai máis produción pero teremos que ter os precios conxelados ata que os comunitarios se poñan igual os nosos xa que neste intre están máis baixos. Estes precios conxelados durarán uns 4 anos. Tamén os becerros de recria pagarían as consecuencias, tendo en conta que na Comunidade, entre os 8 e 20 días pagámos a 1.000 francos (unhas 18.250 pts.)

Seguro que moitos dos gandeiros que asistiron a reunión saíron con unha imaxe moi negativa das cousas que alí se falaron pero temos que partir de que aquí non houbo un desenrollo serio do sector e que se pode facer moito no mesmo, se a Administración axuda e se fan as cousas coma nos outros países que tamén, hai anos, estiveron coma nos, pero souberon, puideron e quixeron saír adiante.



Valioso exemplar de vivenda rural artesanal

## PROGRAMA DO MOPU PARA A REHABILITACION DE VIVENDAS

13 anos.

Deste programa xa se beneficiaron moitos veciños coa obtención de créditos a baixo interés para millorar a vivenda.

O plan de rehabilitación leva, ademais, aparellada a creación de empre-

go e a conservación e mellora do noso entorno.

Para poder acollerse a este plan é necesario que a vivenda teña máis de dez anos, e que as obras superen as 200 mil pesetas. Ademais, deben cumplir a ordenanza urbanística do Concello, e estar adicada a vivenda permanente da familia.

O noso Concello reúne uns dos melhores conxuntos de vivenda rural, no que destácanse valiosas mostras de gran riqueza arquitectónico-artístico, que son valiosos exemplos da artesanía popular do século pasado e nas que a pedra de cantería é o material

máis empregado.

Sen embargo, vemos, en moitos casos polo descoñecemento das axudas que concede o MOPU, como alguén veciño tenden a sustituir nas reformas que fan a pedra polo ladrillo, co que estase a perder moito do valor artesanal que encerra a maioría das vivendas rurais do Concello.

Para todos aqueles veciños que queren reformar ou acondicionar millor a súa vivenda familiar, o Concello dispón de información que necesite, no caso de querer acollerse a estas axudas que promociona o MOPU.

Segue vixente o plan do Ministerio de Obras Públicas de rehabilitación de edificios e vivendas que permite a solicitude de créditos de ata dous millóns e medio, a un interés do 8 por cento e con un prazo de amortización de

# **UN SECTOR ESQUENCIDO CON FUTURO NA C.E.E.**

- *O Concello de Brión escollido para realiza-la experiencia piloto*
- *Ons e Viceso: primeiras parroquias estudiadas*
- *O excesivo parcelamento dos nosos montes: o problema básico*

Por Grupo de Traballo Forestal (G.T.F.)

Case a metade da poboación galega, obtén os seus recursos da agricultura, gandeiría ou pesca. Se pensamos na nosa entrada na C.E.E. hai que sinalar que despois do petróleo, a madeira é o producto máis deficitario en Europa.

Galicia é unha rexión privilexiada en canto ó crecemento das árbores (dos máis grandes de Europa) e dispón de máis de un millón de hectáreas arbóreas. E se temos en conta que case o 75 por cento de esta extensión é de propiedade particular, e que nela está a produción madereira de mellor calidade e crecemento. Con esto vése que a maior parte das actuacións e axudas sobre do monte deben estar dirixidas cara este tipo de propiedades.

Nembargantes, calquera iniciativa neste sentido atopa con un problema básico, que ven do **excesivo parcelamento destos montes**, que impiden poder levar a cabo unha explotación forestal tecnicamente axeitada e economicamente rentable.

Ante esta dificultade é preciso buscar fórmulas que permitan a agrupación de superficies forestais, sen que quede mermada a propiedade particular das mesmas.

Hai que sinalar que este problema non só se presenta en Galicia senón que tamén se da na maioría dos países europeos. Na actualidade, a Comunidade Económica Europea desenrola unha campaña de apoio ós propietarios forestais, na que se recomenda facer agrupacións de propiedades adicadas a produción forestal.

No concello de Brión escomenzaron a desenrolar un traballo encamiñado a mellorar dun xeito total a produción forestal da zona, tendo como obxectivo atopar un xeito de agrupación que responda ás características físicas e sociais de Galicia.



Os incendios forestais: consecuencia do abandono do monte. (Archivo "El Correo Gallego")

Neste momento xa se tiveron duas reunións cos propietarios no noso concello o 10 de abril e outra no teleclub de Ons o 29 tamén de abril na que estiveron unha boa representación dos vecinos de Ons e Viceso.

Respondendo ás condicións e preocupacións, considerouse que o traballo debe escomenzar polos terreos que corresponden a estas dúas parroquias.

Se os vecinos son capaces de facer unha agrupación que facendo os traballos en común abarate os costes e coidar o estado dos montes que alonxe o perigo de incendios, esto sería un paso moi importante, que remataría co desánimo que na actualidade sofre o propietario forestal.

O paso siguiente sería ofrecerlle á industria unha cantidade de madeira de calidade, por medio dun tratamento planificado do monte e con uns costes de explotación baixos para obter a máxima rentabilidade.

Hai outro aspecto moi importante na consecución destes obxectivos, que o propietario forestal tén que ser o portavoz dos seus intereses, e tén que facerse oír ante quem corresponda para plantear os seus problemas e proponer solucións. Por iso precisase que haxa entidades que sexan capaces de representalo.

Para rematar compre dicir que esta iniciativa é a primeira que se fai en Galicia, neste sentido con todo o que supón de dificultade o feito de ser os primeiros. Anque esperamos que o traballo conxunto de propietarios e técnicos poida darlle a Galicia unha solución eficaz de cara a mellorar os seus montes, que traerá consigo unhas avantaxes económicas e sociais.

A iniciativa para facer este traballo partiu do Grupo de Traballo Forestal (G.T.F.) da Fundación Empresa-Universidade Galega (F.E.U.G.A) como consecuencia das conclusións establecidas a que chegaron despois de estudos feitos

sobre o sector forestal galego. Estas conclusións suxeríronse á Dirección Xeral Forestal da Xunta de Galicia, quen decidiu levar adiante o proxecto por medio dun contrato con F.E.U.G.A.. Esta Fundación xuntou un equipo composto por técnicos forestais e sociólogos, encarregándose de facelo: Dña. Raquel García Taibo, D. Francisco Dans del Valle e D. José Luis Díez (Inxenieros de montes componentes do G.T.F.) e D. José Pérez Vilariño, catedrático de Socioloxía e Dña. Pilar Torrens, profesora da escola de asistentes Sociais.

Ademais contaría co asesoramento de profesionais con moita experiencia entre os que podemos nomear a D. Fernando Molina, actual director do Centro de Investigación Forestal.

É fundamental sinalar que a realización deste traballo está baseado no coñecemento técnico de tódolos factores que están incidindo na produción forestal e na análise das condicións que se están producindo na actualidade. Así, pois, o nacemento dun modelo de agrupación de propietarios de monte, ten que estar apoiada:

## BASES DE ESTUDIO PARA AS AGRUPACIÓNS DE PROPIETARIOS FORESTAIOS

- Coñecemento da estrutura da propiedade e no estado actual da masa arboreada.
- Coñecemento da infraestructura de servicios do monte (pistas, cargadeiros).
- Análises das maneiras de comercialización dos produtos forestais.
- Determinar os aproveitamentos forestais más axeitados, tendo en conta as condicións locais.
- Coñecemento do grado de especialización das persoas que traballan no monte e da mecanización dos traballos que se fan.
- Determinación das actuacións técnicas no monte encamiñadas a mellorar a produción e a rentabilidade.
- Coñecemento do nivel de emprego da comarca e a súa relación cos traballos agro-forestais.
- Ter en conta as preocupacións dos propietarios cara a este tipo de asociacionismo.
- Determinación e difusión das milloras económicas e
- Difusión das axudas e subvencións oficiais ó monte.

# O PARO NA AMAIA

Non cabe dúbida, de que a historia do remate do século XX, recollerá o PARO como o problema máis grande en todo o mundo, e que trouxo como consecuencia multitud de alteracións e graves transformacións, moitas delas áinda impredecibles.

Nos últimos cinco anos a perda de postos de traballo directos no noso Concello aproximase ós cincocentos, polo peche de cinco empresas importantes e que para un concello pequeno como o noso, supón unha gran perda.

Outra causa da afectación do paro no noso Concello, provén dun bo número de traballadores que tiñan empregos na bisbarra de Santiago e que polos efectos da crise nesa zona, despois de levar moitos anos perderon o seu traballo.

O terceiro factor que incide no nivel de paro do noso concello foi o retorno de moitos emigrantes, afectados pola crise dos países de

"Tafisa", unha das empresas importantes pechadas que afectou o noso Concello.



emigración e que se veñen a sumar ós afectados da nosa propia crise. Sendo desta maneira dobres os efectos da crise no noso país.

O paro é un mal grave, e a súa erradicación larga e moi costosa, polos sacrificios que impón e as consecuencias que trae. Os traballadores vense angustiados ante a perspectiva lonxana de atopar outro emprego duradeiro e seguro. Viven sofrindo as estreiteces que a falta de rendas impón, e sente as limitacións que padecen moitas veces os seus fillos respecto doutros nenos que teñen pais con emprego e soldo.

O seguro de desemprego estivo sostéñendo certo tempo, ca sua pequena axuda, estas economías castigadas pola crise, pro que ó terminar a sua percepción deixan en precaria situación moitas familias

con varios fillos que sostener.

A vida, nesta situación, tornase amarga e un sentimento de fracaso e impotencia aniña no fondo desa amargura. Logo, o medio familiar do que ún se sente responsable tornase unha pesada carga e vírse un campo de conflictos e tensións.

O alcohol é a saída que moitos atopan pra adormecer as preocupacións e vaise asentando no noso medio como unha poderosa lacra.

Un parado é un marxinado social e, como tal, é un ser que padece unha inxusticia e, as máis das veces, a incomprendición do medio que ve nel un perigo pro benestar dos que afortunadamente contan con medios de gana-la vida e sostener a súa familia.



Estabulacións modernas (Archivo "El Correo Gallego")

# O saneamento do gando Unha urgente necesidade!

Campaña para erradica-la Tuberculose e Brucelose

Por Amancio González Mallo, veterinario titular de Brión.

A zona do Concello de Brión tén como principal riqueza (sobre todo nas parroquias do Brión alto: Viceso, Luaria e Cornanda) a gandeiría e especialmente, e case en exclusiva, a de vacuno.

A explotación e rendimento da gandeiría experimentou nas dúas últimas décadas unha transformación completa.

A vaca de raza galega de capa xeralmente "Teixa", que tén a triple aptitude de producir carne, ofrecer traballo e, ademais, dar leite (anque en pequena cantidade) foi substituída en case a sua totalidade pola raza frisona de orixe holandés, áñada que a xente comunmente a confunde e chámalle "suiza".

A concentración parcelaria e a ordenación rural marcou o comienzo do cambio nas explotacións. Anque a concentración parcelaria, na miña modesta opinión, non resolveu totalmente os problemas que tén plantexado o Campo.

En primeiro lugar, non foi tal, xa que sigue existindo un número excesivo de parcelas e, en segundo lugar, está o problema, de difícil solución, como é o das pequenas dimensións das terras adicadas á



Exemplar de raza "frisana"

agricultura.

O que si representou un avance extraordinario foi as milloras das comunicacions. O noso concello conta con unha completa rede de pistas e camiños asfaltados que chegan praticamente a tódalas vivendas, e que están moi ben cuidadas podéndose afirmar que o noso concello conta ca millor rede de comunicación interior.

Como xa dixemos antes, o gando vacuno desta zona é na case totalidade de raza "frisona", chegándose a implantación desta raza pola insimilación artificial, a partir de vacas de importación e outras de

gran calidad.

En xeral, son vacas de alto rendimento leiteiro. Teñen aloxamentos hixiénicos, case todos de estabulación permanente. Escomenzouse a establecer a estabulación semi-libre que sería a ideal, polo seu pequeno coste, pero que tropeza coa escasa dimensión das parcelas e dispersión destas como xa dixemos antes.

Contan case tódalas explotacións con muxideiro mecánico e centros de frío para a obtención e conservación do leite nas debidas condicións hixiénicas.

A reproducción de reses fai fundamentalmente mediante a recria das fillas dos exemplares más selectos inseminados co semen procedente de touros de gran calidad.

Dadas as características das explotacións e a boa calidad e rendemento do gando que as compón, considérase imprescindible realizar campañas de saneamento, máxime en vísperas da entrada na Comunidade Europea, onde case tódalas explotacións están saneadas.

As enfermidades que fundamentalmente son motivo das Campañas de Saneamento son a Tuberculose e a Brucelose.

Para determinar a Tuberculose emprégase a proba intradérmica con tuberculina de tipo mamífero PPD e, en algúns casos, realizanse probas de contraste.

Nos animais ós que se lle forma un nódulo, de determinado tamaño, doroso, con carapola, etc., considéranse positivas. Estos animais márcanse na orella esquerda con unha T, allanse e destinanse, no máis breve prazo, ó matadeiro oficialmente autorizado. As reses que dean resultados negativos márcanse na orella con un crotal segundo o modelo oficial.

Na campaña de saneamento contra a Brucelose é fundamental a vacunación das cuchas con vacuna B-19, e son marcadas con unha cruz de Malta perforada na orella direita.

O diagnóstico da Brucelose (especialmente onde se producen abortos) fai por sero-aglutinación con "antíxeno brucelar", e considérase positiva segundo o título da aglutinación.

As reses que resultan positivas nestas campañas teñen unha indemnización por sacrificio segundo o baremo oficial. A parte desta indemnización, e como estímulo a reposición do gando saneado, concédense outras subvencións con carácter a diversos organismos.

## Ferretería CASAL, S.L.

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico  
Sanitarios - Abonos químicos  
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX  
Transportes e Sección Calzados

BASTAVALES - SANTIAGO

PANADERIA

## SERRAMITO

*Os Anxeles-Brión*  
Tel. 88 31 55

## *Construcciones*

### **FRAGA**

Obras de Albañilería en xeral  
**BRION**

**FERRETERIA y MATERIALES PARA CONSTRUCCION**

*Disponemos coche propio*

### **ALMACENES ROGELIO LOPEZ NIMO**

Carretera Santiago-Noya  
Telf. 883309

**OS ANXELES**

**AG**

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

### **Hnos. GENDRA**

Fábrica y Oficinas:  
**BASTAVALES**

**SANTIAGO**



**GALLINA BLANCA  
PURINA**

**COMERCIAL AGRICOLA  
DA MAHIA, S. L.**

*Teléfono 88 32 50*

**OS ANXELES  
BRION**

## **BOLETIN DE SUSCRIPCION**

Os próximos números de ALTAMIRA poderánse mercar nos locais públicos ó precio de 75 pesetas, ou si se prefere recibilos na casa mediante a suscripción do siguiente boletín:

Nome \_\_\_\_\_ desexa suscribirse  
a \_\_\_\_\_ números e recibilos no seu domicilio de \_\_\_\_\_  
e para iso abona \_\_\_\_\_ pesetas.



ASOCIACIÓN CIVIL  
AMIGOS DE SANTIAGO

## Restaurante “O’ FUMEIRO”

CARACAS - Venezuela

(Concesionario: Juan Fresco Fernández)

MARCELINO  
LEMA  
LOBATO  
**LEMA**



ASERRADERO  
ASTILLADORA  
MADERAS

Fábrica y Oficinas:  
Telf. (981) 883034 - Part. 590191  
BASTAVALES - SANTIAGO  
(Coruña - España)

ARTE  
EN  
PEDRA



Tfno. 811704

**CRUCEIROS  
HORREOS  
ESCUDOS  
CHEMINEAS  
FONTES  
BANCOS  
ESCLUTURAS**

**AUTOS PORTAS**  
LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 32 10  
SERVICIO OFICIAL



**Y MEL S.L.**  
MONTAJES ELECTRICOS

SANTIAGO DE CHILE, 21 - TELEFONO 69 92 12  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
MONTAXES ELECTRICOS

MONTAXES DE ALTA E BAIXA TENSION  
ESTUDIOS, PROXECTOS E PRESUPOSTOS  
CONSERVACIONES, REPARACIONES  
E MANTENEMENTOS ELECTRICOS



**Pirotecnia “LOPEZ”**

Teléfono 88 32 83  
LOS ANGELES

SANTIAGO



Carpintería - Móbles - Electrodomésticos  
Tel. 88 33 33 - BASTAVALES BRION  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

**FERRETERIA “SANTA MINIA”**

Teléfono 88 30 10

**José Caramés**  
Brión (Santa Minia)

Materiais para Construcción e Saneamento,  
Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal,  
Droguería, Papelería, Obxertos de Escritorio,  
Traídas de Auga, etc.